

Lucas Borges Díez.....**un**  
Claudia Román Freijeiro.....**dous**  
Andrea García Vilas.....**tres**  
Carmen García Iglesias.....**catro**  
Tania Álvarez Ramos.....**cinco**  
Saray Vila Cid.....**seis**  
Ana María González Dafonte.....**sete**  
Jaime Núñez López.....**oito**  
Laura Bragado Ojea.....**nove**  
Paloma Fernández Martínez.....**dez**  
Estefanía Pereira Pinto.....**once**  
Raquel García Bragado.....**DOCE**

# **CULPABLE**

**adaptación de "12 Angry Men", de Reginald Rose.**

Coa colaboración de **Andrea González Rodríguez** e **Alexandre Alonso Cela**.

**SPASMO** 2010-11

*Grupo de teatro do Santa Irene*

**A ORDENANZA.-** Silencio, por favor. Agarden. Debo lerlles esta nota que me entregou a xuíz.

Señores e señoras do xurado, asistiron vostedes durante cinco días ao desenvolvemento dun proceso longo e difícil: asasinato en primeiro grao e con premeditación. Esa acusación é a máis grave que se pode presentar nunha corte criminal. Oíron vostedes ás testemuñas, léronlles e explicáronlles os artigos da lei que se aplican nestes casos. Agora teñen o deber de formar unha opinión, tratando de separar os feitos das hipóteses.

Un home morreu, a vida doutro está en xogo. Eu invítoos a deliberar entre vostedes con honestidade e sen escrúpulos. Se hai nos seus pensamentos unha dúbida sobre a culpabilidade do acusado, unha dúbida razoable deben dar un veredicto de inocencia. Se, pola contra, non teñen ningunha dúbida, entón deben, en conciencia, declarar ao acusado culpable. Lémbrolles que neste caso, o tribunal non admitirá recurso ningún e que a sentenza de morte será irrevocable.

O veredicto ten que ser unánime. Se non obteñen esa unanimidade, terían que renunciar e sería nomeado outro xurado.

Isto é todo, señores e señoras. Teñen que facer fronte a unha gran responsabilidade. Doulles as grazas”

Poden pasar, por favor.

*e despois van entrando todos pouco a pouco e cada un realiza unha tarefa: mirar ó redor, quitar a chaqueta, asomarse pola fiestra, etc.*

**7:** *(Tenta de acender o ventilador pero non funciona. A 8.)* ¿ Un caramelo?

**8:** Non, grazas.

**6:** *(Ten frío.)* Vaia por Deus, que frío vai!

**7:** *(A 6)* Acertaron.

**6:** ¿Que?

**7:** Esta mañá dixeron na radio que ían subir as temperaturas bruscamente.

**6:** Seguro.

**7:** Aquí xa podían pór aire acondicionado.

**A ordenanza:** Ben señores e señoras, non falta ninguén. Se desexan algo eu estarei aquí. Chámenme para o que precisen e lembren que non poden saír da sala.

**5:** ¿Que lles parece? Pechánnos.

**10:** Naturalmente. ¿Que cría?

**5:** Non se me ocorrera.

**10:** ¿Que é iso? *(Mirando uns papeis que cortan 1 e 11)*

**1:** Ah. Por se queremos votar en segredo.

**10:** Boa idea. Propoñerémolo para unha medalla ao traballo. *(Ri.)* ha, ha, ha.

- 3:** ¿Vostede que opina?
- 2:** Pois non sei. Foi interesante.
- 3:** Eu case durmo.
- 2:** É a primeira vez que formo parte dun xurado.
- 3:** Eu xa teño participado. Enférmame oír falar os avogados. Sobre todo nun caso tan claro coma este. ¿Oíra algunha vez tanta verborrea?
- 2:** ¿Non cre que teñen dereito?
- 3:** Si, claro... Así é o sistema... Deberían darlle unha boa malleira a eses rapaces antes de que creasen problemas. Aforraríase tempo e cartos. ¿Que? ¿Empezamos xa?
- 10:** Si, empecemos dunha vez.
- 7:** Todos temos cousas que facer así que...
- 1:** Teremos que esperar uns minutos, creo que hai alguén no baño.
- 5:** Perdoe. ¿Sentámonos por orde?
- 1:** Agora que o di, será o mellor.
- 5:** (*A 12*) Sentouse no meu sitio.
- 12:** Oh. Perdoe (*A 8*) Non está mal a vista, ¿verdade? ¿Que lle parece o caso? Creo que ofrece poucas dúbidas. Non ten... ningún punto escuro. Prefiro que sexa un caso de asasinato. Temía que fose un roubo ou un asalto.
- 10:** Hai que esquecerse das tonterías que se ven no cine nas películas de xuízos.
- 7:** Por suposto. ¿E que me di do da navalla? Ninguén con dous dedos de fronte pode tragar semellante bola.
- 10:** Parece mentira o que se ve nestes sitios
- 7:** E tanto que si. (*10 soase forte*) A bocina funciona, agora ten que probar os faros. (*rin*) Vaia trancazo.
- 10:** Si. (*Sóase de novo*) Estas catarreiras de inverno son terribles e eternas. Dóeme o nariz de tanto soarme
- 7:** Seino. Eu tamén pasei unha. (*Mirando o reloxo*) Oh, señor presidente. Empecemos dunha vez.
- 1:** Aínda segue no baño.
- 3:** (*A 4 que le o xornal*) ¿Algunha novidade? Esta mañá non puiden lelo.
- 4:** Só olleaba as cotizacións.
- 3:** ¿Ten vostede moitas accións?
- 4:** Son corredora de bolsa.
- 3:** Eu e o meu marido estamos á fronte dunha axencia de mensaxeiros. Bauticeina: "Mensaxes con ás". Temos 37 empregados e empezamos da nada.
- 1:** Por favor, señores e señoras. ¿Queren ocupar os seus asentos?
- 7:** Eu son o 7, ¿non?
- 1:** Si
- 7:** A ver se o liquidamos de présa. Non sei vostedes, pero eu teño entradas para o partido desta noite.
- 1:** Creo que debemos sentarnos segundo os números do xurado. Se lles parece ben.
- 10:** ¿E iso co gallo de que?
- 1:** Paréceme unha boa razón. Séntense, por favor.  
(*Vanse sentando*)
- 6:** Vostede é o 1, ¿non?
- 1:** Si. Dous, tres, catro, cinco, etc...

- 12:** ¿Que lle pareceu a fiscal? Impresionoume como rebatía cada punto. Un detrás doutro. Pareceume moi boa.
- 11:** Si. Nótase que ten moita experiencia.
- 12:** E rapidez de reflexos! Unha muller moi lista.
- 1:** Por favor, señoras e señores, presten atención. Por favor, gustaríame empezar. Vostede, o da fiestra. Imos empezar.
- 8:** Ah. Desculpen.
- 10:** Resulta difícil crer que un rapaz mate a seu pai polas boas.
- 12:** Non resulta tan raro. Ocorre a miúdo.
- 10:** O certo é que nalgúns barrios... os rapaces vólvense salvaxes. Quizais lles está ben. Xa me entenden, ¿non?
- 1:** ¿Estamos todos?
- 6:** Pero a que falta aínda segue no baño!
- 1:** Si, claro. ¿Importaríalle avisala? (*6 vai avisar a 9*)
- 7:** (*A 5*) ¿Gustalle o fútbol?
- 5:** Non, a min gustame mais o teatro.
- 7:** Vaia, notase que vostede naceu para sufrir. (*Xa sae 9.*)
- 1:** Levamos un bo anaco esperándoa.
- 9:** Oh, perdóenme. Non era a miña intención facelos agardar.
- 1:** Ben, señoras e señores. Ante todo quero dicirlles que poden organizar isto como a vostedes lles pete, xa que non imporei ningunha regra. Se queren poden discutir e logo votar, aínda que, claro está, non é a única forma. Tamén podemos votar sen máis.
- 4:** Adoita facerse unha votación preliminar.
- 7:** Si. Votemos e así poderemos largarnos de aquí.
- 1:** Ben. Entón todos sabemos que temos un caso de homicidio en primeiro grao e se consideramos culpable ao acusado, enviáremolo á cadeira eléctrica. É ineludible, segundo a xuiza.
- 4:** Si. Sabémolo.
- 10:** Demos a nosa opinión.
- 6:** Iso é o xusto.
- 1:** Ben, ¿hai alguén que non queira votar? (*pausa*) De calquera xeito deben lembrar que o resultado debe alcanzarse por unanimidade, así é a lei. ¿Están todos listos? Os que o consideren culpable, levanten a man. (*Vana levantando todos menos 8.*) Un, dous, tres, catro, cinco, seis, sete..., oito, nove, dez, once... que votaron culpable. ¿Alguén vota inocente? (*Levanta a man 8*). Un. Moi ben. Once culpable e un inocente. En fin, xa é un comenzo.
- 10:** Hai que enfastiarse! Sempre ten que haber un...
- 7:** Ben, e agora que pasa?
- 8:** Teremos que falar.
- 10:** Sempre a mesma historia.
- 3:** Así que inocente, ¿eh?
- 8:** Non o sei.
- 3:** Vostede viu e oiu na sala o mesmo que nós. O rapaz é un asasino perigoso.
- 8:** Ten 18 anos.
- 3:** Xa non é ningún meniño. Deulle unha puñalada ao seu pai no medio do peito. No xuizo probárono dunha ducia de maneiras. ¿Quere que llas enumere?
- 8:** Non.

- 3:** Entón, ¿que quere?
- 8:** Só que falemos.
- 7:** ¿De que quere que falemos? Once pensamos que é culpable e ningún ten dúbidas agás vostede.
- 10:** Voulle preguntar algo. ¿Cre no que dixo o rapaz?
- 8:** Non sei se o creo ou non. Pode ser que non.
- 7:** ¿E como pode votar inocente?
- 8:** Había once votos de culpable. Non me resulta doado levantar a man e enviar un rapaz á morte sen falarmos antes.
- 7:** ¿Quen di que sexa doado?
- 8:** Ninguén.
- 7:** ¿Pensa que votei ás présas? Estou totalmente convencida. Non me faría mudar de parecer aínda que falasemos cen anos.
- 8:** Non pretendo facela cambiar, só que... está en xogo a vida de alguén. Non podemos precipitarnos. ¿E se nos enganamos?
- 7:** ¿E se nos engamos? ¿E se agora este edificio se ven abaixo? É pouco probable.
- 8:** Certo. Mire, o seu partido non empeza ata as oito... Temos tempo!

*(Silencio de todos. Pausa.)*

- 1:** Teñen algo que dicir?
- 9:** Non me importa quedar unha hora.
- 10:** Moi ben. ¿Saben o chiste do galego que vai nun avión...?
- 8:** *(Cortando)* Non estamos aquí para iso!
- 10:** ¿Non? Non acabo de entender nada. Enton, ¿díganos para que estamos aquí?
- 8:** Non hai unha soa razón. Miren, ese rapaz non tivo sorte: naceu nunha chabola e perdeu á súa nai aos nove anos... Viviu nun orfanato... O seu pai cumpría condeza por falsificación... Non é un feliz comenzo. É arisco e rebelde porque é o único que coñeceu. Estivéronlle propinando golpes un día si e outro tamén... Durante 18 anos ten sido desgraciado e creo que lle debemos unhas poucas palabras.
- 10:** Non se ofenda polo que lle vou dicir. Nós non lle debemos nada. Tivo un xuizo xusto. Non pode queixarse. ¿Están de acordo? Aquí todos somos persoas adultas e oímos os feitos. Non pretenderá que crea a ese rapaz despois de ter oído o que é. Coñezo moi ben aos da súa calaña. Non se pode crer nin unha palabra do que din e vostede sábeo. Son uns mentireiros.
- 9:** Só unha ignorante pode crer unha cousa así.
- 10:** Un momento.
- 9:** ¿Que se cre? ¿Que ten o monopolio da verdade? Alguén debería aclarlle a esta muller certas cousas.
- 7:** Hoxe non é domingo. Déixese de prédicas.
- 1:** Por favor. Temos moito que facer. Non convén que alonguemos isto en demasía.
- 12:** Ten razón.
- 1:** Quizais o membro do xurado que está en desacordo co resto poida explicarnos o porque. Xa sabe. Que nos conte que é o que pensa para que nós poidamos convencelo.
- 12:** Iso paréceme unha boa idea. Pero eu son da opinión de que nós debemos convencer a este señor de que el se engana e nós non. Poderíamos empregar un par de minutos cada uno para... ben... non era máis que unha idea...
- 1:** Non, non... está moi ben. Convén que falemos por quenda. *(Sinalando a 2)* Tócalle a vostede.

- 2:** Oh, ben. Non é doado dicilo con palabras. Creo que é culpable. Así o pensei dende o principio. Ninguén demostrou o contrario.
- 8:** Ninguén ten que demostralo. As probas son as que contan. Nin sequera conta o que diga o acusado. Está na Constitución.
- 2:** Oh, claro. Xa o sei. O que quero dicir ... en fin... eu creo que é culpable. Alguén viu como o facía, ¿non é?
- 3:** Exacto, é o que penso eu. E non me moven sentimentos persoais. Só quero falar dos feitos. Número 1. O vello que vive xusto debaixo de onde se cometeu o crime ás doce e dez desa noite, asegura que oíu rúidos. Dunha pelexa, dixo. E dixo que oíu berrar ao rapaz: "Matareite". Logo oíu esboraarse o corpo. Correu deica a porta, abriuna e viu o rapaz baixar as escaleiras cara a rúa. Chamou a policía e alí estaba o corpo do pai cunha navalla no peito. O forense dixo que morrera sobre a media noite. Estes son os feitos. Non pode negalos. O rapaz é culpable. Sentimentalismos aparte, sei que o rapaz ten 18 anos e aínda así debe pagar
- 10:** Estou con vostede.
- 1:** Moi ben. ¿Rematou?
- 3:** Si.
- 1:** Grazas. (*Da a palabra a 4*)
- 4:** Para min resulta obvio que a versión do rapaz é pura fantasía. Dixo que estaba no cine cando se cometeu o crime e unha hora e media despois nin sequera lembraba o título da película.
- 3:** Iso é.
- 4:** Ninguén o viu entrar nin saír do cine.
- 10:** ¿E que me di da muller que vive enfronte? Se a súa testemuña non serve, xa me dirán.
- 11:** Iso é concluínte, porque ela viu cometer o crime.
- 1:** Por favor, falen por orde.
- 10:** Permítanme. Temos unha muller que está na cama e non pode durmir pola calor do verán. Imaxíneno! Incorpórase, asómase á fiestra e, ao outro lado da rúa, ve ao rapaz cravarlle unha navalla ao seu pai. Son as doce e dez minutos, señoras e señores. Todo encaixa. Ela coñece ao mozo de toda a vida. A súa fiestra está enfronte, xusto ao outro lado das vías e xura que o viu facelo.
- 8:** A través dos portelos dun tren en marcha.
- 12:** Lembre que non levaba pasaxeiros.
- 4:** Estábano cambiando de vías. Coas luces apagadas.
- 10:** No xuízo demostrouse que se pode mirar a través dos portelos dun tren sen luces e ver o que ocorre ao outro lado.
- 4:** Demostrouse, si.
- 8:** Voulle facer unha pregunta. ¿Se non cre ao rapaz, por que cre a muller? Ela e da mesma "calaña".
- 10:** Pensa que son parva, ¿non?
- 1:** Por favor, teñan calma...(A 10) Ande, sente.
- 10:** Os tipos coma vostede danma noxo!!
- 1:** Miren, non vimos aquí a pelexarnos...
- 12:** (*Quere mediar*) ¿A quen lle toca falar agora?
- 1:** Penso que ao numero..., si, ao numero 5.
- 5:** Eu, ...preferiría pasar.

- 1:** Esta ben. Se renuncia..., o seguinte, por favor.
- 6:** Ben, eu estou convencida dende o principio. Hai un movil, senon todo e absurdo. Na miña opinión, as testemuñas dos que viven preto da casa, xusto en fronte, son moi convincentes. Todos manifestan que sempre estaban pelexando e que esa mesma tarde empezaron a discutir sobre as sete ou sete e media.
- 11:** Eran as oito.
- 8:** Si, din que as oito oíron unha discusión, pero non saben o motivo. Cren que o pai pegou dúas veces ao mozo. Logo viron saír o rapaz enfadado, ¿e iso que proba?
- 6:** Pois en realidade non proba nada, pero forma parte de...
- 8:** Non lle concedo a iso moito valor. A ese rapaz pegáronlle tantas veces, que a violencia para el é algo totalmente normal. Non creo que un par de bofetóns o impulsara a cometer un crime.
- 4:** Tal vez colmaron o vaso. Todos temos un límite.
- 1:** ¿Algo máis?
- 6:** ... non.
- 1:** Vale, agora vostede.
- 7:** Eu que sei. Xa se dixo todo. Por máis que falásemos seguiríamos igual. Ese mozo é culpable. Que historial! Pasou polo tribunal de menores, por pegar á súa mestra. Aos 15 anos entrou no reformatorio por roubar un coche. Detido por atraco e por pelexar con navalla. Seica é un experto manexándoa. Non é precisamente un modelo.
- 8:** Dende os quince anos, o seu pai pegáballe sistematicamente co puño fechado.
- 7:** Eu teríao feito. Cun rapaz así...
- 3:** Dende logo. Hai que ver como son os mozos de hoxe. Cando eu era neno, chamaba ao meu pai "señor". Como o oen. "Señor". ¿Hoxe que rapaz ou rapaza chama así ao seu pai? Non hai respecto!!
- 8:** Os pais xa non lle conceden importancia a iso.
- 3:** ¿Vostede ten fillos?
- 8:** Non.
- 3:** Eu teño un. Ten 22 anos. Cando tiña 9 anos fuxiu dunha pelexa. O seu pai sentiuse tan avergoñado... Entón díxenlle: "Farei de ti un home aínda que deixe a vida no intento". Agora é un home. Con 15 anos tivemos unha bronca moi seria na casa,... pelexou co pai; déulle unha boa puñada na mandíbula. É moi forte. Hai dous anos que non o vemos. Ummmm, fillos. Mátaste por eles e... Ben, sigamos.
- 4:** Estámonos apartando do tema. Ese mozo é o produto dun fogar estragado nun suburbio. Sen embargo, nós debemos limitarnos a decidir se é culpable ou inocente, deixando a un lado o ambiente no que se criou. Naceu nunhas circunstancias propicias para o crime, iso xa o sabemos. Non é ningún segredo que eses rapaces son unha ameaza potencial para a sociedade, agora ben...
- 10:** Puxo o dedo na chaga. Eses rapaces dos suburbios non son máis ca lixo. E asegúrolle que se por min...
- 5:** Escoite. Eu crieime nun suburbio e...
- 10:** Mire, eu...
- 5:** Un momento, por favor. Teño xogado en auténticas esterqueiras e pode, pode que aínda leve o cheiro...
- 10:** Oia, ¿a que vén isto?
- 1:** Non hai nada persoal. Ela dicía...
- 5:** Esta claro o que dicía...
- 9:** Sabia que isto ía pasar...

- 12:** Vamos, ela non se refería a vostede. Non sexa tan susceptible.
- 11:** Eu compréndoa perfectamente.
- 1:** Está ben. Deixémonos de discusións e procuremos non perder o tempo. Agora é a súa quenda.
- 8:** Cría que estaba excluído. Que se trataba de que vostedes me convenceran.
- 12:** Si, esa era a idea.
- 9 :** Eu tamén o entendín así.
- 10:** É a culpable de que sigamos aquí. Oíamos o que ten que dicir.
- 1:** Agarde un momento. Ela ten razón. Decidimos facelo así e non temos por que saírnos do acordado.
- 10:** Santo ceo. Xa está ben de babecadas.
- 1:** Oia... só tento que isto estea un pouco organizado. Se non lle gusta, substitúame. Asuma a responsabilidade e eu mantereirei a boca pechada.
- 10:** ¿Que lle ocorre? Non se poña así, non perda a calma.
- 1:** Non perdín a calma. Só lle propoño que ocupe a presidencia.
- 10:** ¿Que lles parece?
- 1:** É moi doado falar. ¿Cre que estou a facelo tan mal?
- 12:** Non lle dea tanta importancia, por favor.
- 1:** Se pensa así, sente vostede aquí.
- 12:** Non...
- 1:** Vamos...
- 12:** Ninguén quere cambios
- 9:** Estáo facendo moi ben
- 2:** Si, certamente. Sente e sigamos.
- 7:** Siiii. Estáo facendo de medo. Sente, ande sente. (*Van sentando*)
- 4:** A ver, que fale quen lle toque.
- 8:** Se queren que lles diga o que penso, non teño ningún inconveniente.
- 1:** Fagan o que lles pete!
- 8:** Non creo saber nada extraordinario. Sei o mesmo que vostedes. Ese mozo parece culpable e se cadra éo. Durante seis días vin acumular as probas na súa contra... Todos semellan tan seguros que empezo a ter unha estrana sensación respecto ao desenvolvemento deste xuízo, porque eu si que non estou tan seguro... Querería ter feito moitas preguntas, aínda que non servisen para nada. Pero é que teño a impresión de que a defensa pasou por alto algúns detalles.
- 4:** ¿De que detalles fala? Se o avogado non fixo certas preguntas é porque pensaba que podían perxudicar ao rapaz.
- 8:** Pode... e tamén pode ser que o avogado sexa un estúpido... É unha hipótese.
- 7:** Parece que está a falar do meu cuñado... (*Rin*)
- 8:** Tratei de poñerme no lugar do rapaz. Eu tería pedido outro avogado. Porque se nun xuízo está en xogo a miña vida, eu quero que esnaquice ás testemuñas, á acusación, ou que o tente alomenos... Vexamos. Hai unha suposta testemuña ocular do crime. Outro seica oiu algo e viu saír o rapaz, e hai outras moitas probas circunstanciais. Sen embargo, esas dúas testemuñas son a base da acusación. ¿E se están enganados?
- 12:** ¿Por que ían estar enganados? ¿De que serven entón as testemuñas?
- 8:** ¿Poden equivocarse?
- 12:** Esas persoas declaron baixo xuramento.
- 8:** Todas as persoas cometen erros. ¿Poden enganarse?



**12:** Neste caso, non o creo.

**9:** ¿Está segura?

**12:** Ninguén pode estar segura dunha cousa así. Non é unha ciencia exacta.

**8:** Non, non o é.

**3:** Creo que... hai algo concluínte. Que me di da navalla que atoparon no cadáver.

**2:** Un momento. Hai xente que aínda non falou. Gardemos a orde.

**3:** Ninguén quedará sen falar. ¿Quere calar un anaco? ¿Que me di da navalla que ese modélico rapaz mercou a tarde do crime?

**8:** Si, falemos diso, aínda que convería que trouxesen a navalla. ¿É posible? (**1** vai pedir a navalla)

**3:** Xa sabemos como é. ¿Por que temos que volver vela?

**11:** Ten dereito a comprobar calquera proba.

**1:** (*Falalle ao ordenanza*) ¿Podemos ver a navalla? ¿Pode traérnola?

**Ordenanza:** Si, claro.

**1:** Grazas.

**4:** A navalla e como foi adquirida é unha proba sólida, ¿non cre?

**8:** En efecto.

**4:** Ben. Imos examinar os feitos un tras outro. PRIMEIRO, o rapaz admite ter saído de casa ás oito, despois de que o seu pai lle dese varios bofetóns.

**9:** Non, non, non, non. El non dixo bofetóns, senón puñazos e hai moita diferenza.

**4:** Vale. Despois de ter sido "golpeado" polo pai.

**7.-** SEGUNDO, foi na tenda do barrio onde mercou unha, unha ...

**5:** Navalla automática.

**7:** Navalla automática. Non se trata dunha navalla corrente. Pola contra, ten unha folla e un mango peculiares, está gravada e o tendeiro di que non ten outra igual no almacén.

**6.-** TERCEIRO, ás nove menos cuarto atopouse cuns amigos fronte a un bar, ¿foi así?

**8:** Si, seica si.

**3:** Eu estou segura que si.

**6.-** Estivo de parola cos amigos ata as nove corenta e cinco e, segundo o seu testemuño, viron a navalla.

**5.-** CUARTO, no xuízo identificaron a arma do crime. Era a mesma navalla.

**12.-** QUINTO, chegou á súa casa a iso das dez. Aquí é onde a versión do rapaz e da fiscal difiren lixeiramente. O mozo di que estivo no cine a iso das once e regresou á súa casa sobre as tres, atopando o seu pai morto e sendo detido.

**9:** Tamén di que os dous policías que o detiveron, o tiraron escaleiras abaixo.

**4:** ¿Que me di da navalla? Segundo el, caelle por un burato dos pantalóns camiño do cine ou quizais máis tarde, entre as once e as tres, e xa non volveu vela. ¿Que lles parece? Para min está moi claro que esa noite o acusado non foi ao cine. Ninguén o viu saír da súa casa ás once. Ninguén do cine pode identificalo, e el nin sequera lembra o título da película.

(A Ordenanza volve. *1* vai buscar a navalla)

Eu direilles o que sucedeu. O mozo decidiu quedar na casa e pelexarse co seu pai. Matouno (*Recolle a navalla de 1*) e saíu correndo ás doce e dez. Despois de limpar as marcas dactilares, claro. ¿Tenta facerme crer que esta navalla (*Ábrea*) lle caeu por un burato do peto, a atopou alguén, foi á casa do rapaz e cravoulla ao seu pai só para comprobar se estaba afiada?

- 8:** É posible que a perdese e que outra persoa matase ao seu pai cunha navalla similar, aínda que pareza increíble.
- 4:** Mire ben a navalla. Resulta bastante insólita. Eu nunca vira unha igual. E, segundo o tendeiro que lla vendeu non tiña outra. ¿Pretende vostede que pensemos que se trata só dunha coincidencia?
- 8:** Só digo que esa coincidencia é posible.
- 3:** E eu digo que non é posible.  
(*8 saca dun peto, poñéndose en pé, unha navalla idéntica. Todos arremuíñanse ó redor murmurando cousas como "sorprendente", "é cuspidiña á outra", "é increíble"...*)
- 9:** ¿Onde a mercou?
- 8:** Onte pola noite decidín dar un paseo cuns amigos. Estivemos no barrio do mozo. Merqueina nunha tenda de empeño, cerca da casa do rapaz.
- 4:** Mercar navallas automáticas vai contra a lei.
- 8:** Sei que infrinxín a lei.
- 3:** Montou un número moi brillante. ¿Que é o que pretende demostrar? Pode que haxa dez navallas coma esa.
- 8:** E pode que máis.
- 3:** ¿E que significa? Que haxa outras navallas coma esa non altera os feitos.
- 12:** ¿Pretende que creamos que apuñalaron ao vello cunha navalla exactamente igual?
- 7:** Iso non ten sentido.
- 8:** É posible.
- 4:** É moi pouco probable.
- 1:** Sentemos, por favor. É absurdo que sigamos a falar de pé.
- 7:** Que xeito de perder o tempo!
- 2:** Resulta interesante que atopara unha navalla igual á do rapaz.
- 3:** ¿Que ten de interesante? Pura coincidencia.
- 2:** Non sei. A min paréceme interesante.
- 3:** Somos once os que pensamos que é culpable.
- 10:** Exacto.
- 3:** ¿Que cre que conseguiu? Non nos fará mudar de opinión. ¿Trata de que non cheguemos a ningures? Pois adiante. Será procesado outra vez e sentenciado culpable.
- 10:** Pode estar seguro diso.
- 8:** Se cadra ten razón.
- 7:** ¿E que vai facer? ¿Ternos aquí toda a noite?
- 9:** ¿Que é unha noite? Ese rapaz pode morrer.
- 7:** Non, se acabaremos instalándonos aquí. ¿Por que non pedimos unha baralla? Podemos botar unhas partidiñas de poker.
- 2:** (*A 1*) Non consinta que faga esas bromas!
- 1:** ¿E que quere que faga eu?
- 11:** Ese pequeno detalle foi moi importante para a fiscal.
- 9:** Si. Adicoulle un día enteiro.
- 10:** E a axudante, do axudante de non sei quen. ¿Que sabera esa?
- 12:** Oh, non sei porque temos que darlle tantas voltas ao da navalla. Alguén viu como apuñalaba ao seu pai. ¿Que máis necesitamos?
- 3:** Acabemos dunha vez.

- 7:** Por favor. Xa basta. Estas discusións non levan a ningunha parte. (A **8**) ¿Que di vostede?
- 10:** Si. É o único en contra.
- 8:** Quero propoñerlles algo. Votemos de novo. Quero que esta vez voten por escrito e en absoluto silencio. Eu abstereime. Se todos votan culpable, eu non mantereirei a miña postura. Presentaremos veredicto de culpable. Se alguén vota inocente, seguiremos discutindo. Se queren intentalo, eu estou disposto.
- 2, 6, 9, 7, 10, 12:** Si, si
- 1:** Supoño que estamos todos de acordo. ¿Alguén se opón? Pois imos alá. Aquí teñen. (*Reparte papeis. Todos van escribindo. 8 vai beber auga*)  
(*Unha vez escritos os papeis vanllos entregando a 1 e vains abrindo e lendo*)
- 1:** Culpable (*Así ata o voto 9*) (*No voto 10*) Inocente. (*Le o último*) Culpable.
- 10:** Que diaños pasou aquí?
- 7:** Outro ou outra que trata de cortarnos as ás.
- 3:** Imos ver. ¿Quen foi? Veña, que dea a cara.
- 11:** Perdoe. Foi unha votación segreda...
- 3:** ¿Segreda? ¿Que é iso de votación segreda? Non hai segredo nun xurado. Xa sei quen foi. (*Dirixíndose a 5*) Hai que ver como é vostede. Séntase aquí e vota culpable e en canto empeza a falar un pico de ouro, esnaquízalle o seu pobre corazón co conto dun rapaz desvalido, que non puido evitar converterse en asasino e vostede cambia o seu voto.
- 5:** E, agarde un momento. Non lle consinto que me fale...
- 3:** (*Con desprezo*) Ahhh
- 1:** Por favor, calma.
- 5:** ¿Quen cre que é para falarme así?
- 4:** Cálmese.
- 5:** O que dixo é ofensivo.
- 2:** Cálmese.
- 3:** Estamos tentando de sentar un asasino na cadeira eléctrica, que é o lugar que lle corresponde, e alguén empeza con contos de fadas, e aínda por riba, escoitámolo.
- 11:** Tranquilícese.
- 3:** ¿Que lle fixo cambiar o voto?
- 9:** Ela non cambiou o seu voto. Fun eu.
- 10:** ¿Eh? ¿Que lles parece?
- 7:** A monxa!
- 9:** ¿Quere saber por que?
- 7:** Non, non lle interesa a ningún.
- 9:** De tódolos xeitos, quero aclaralo, se non lles importa.
- 10:** Basta. Canto vai durar isto?
- 6:** Ten dereito a falar.
- 9:** Grazas. (*Érguese.*) Este home enfrontouse só a todos nós. El non dixo que o rapaz sexa inocente, senón que non está seguro. Como non é doado soportar a presión do resto, tentou conseguir apoio. E eu deille o meu. Probablemente o rapaz é culpable. Sen embargo... quero oír máis. Neste momento son dez... (*7 ponse de pe e vai o baño.*) Oia, que estou falando, un pouco mais de educación!
- 5:** Non a escoita. Nunca o fara.
- 8:** Sente. (*Sentan os dous*)

**6:** ¿Podemos continuar?

**12:** Temos para rato. *(PAUSA. Volve 7)*

**1:** Ben, señoras e señores. Imos retomar o fío. ¿Alguén quere falar?

**3:** Eu

**1:** Adiante

**3:** Vostede, a lista. O vello que vivía debaixo oíu berrar o rapaz: “Vou matarte” e un segundo despois, sentiu o corpo esboroarse no chan. Correu cara a porta e viu o mozo correndo polas escaleiras e saír da casa. ¿Que máis quere?

**8:** Saber con que claridade puido oír o vello a voz do rapaz ao través do teito.

**3:** A súa fiestra estaba aberta e tamén a de arriba. Era unha noite calorosa. ¿Lembra?

**8:** A esa distancia non é tan doado identificar unha voz, especialmente...

**12:** Esquece a outra muller,... ao outro lado da rúa. Mirou ao través da fiestra e viu como apuñalaba ao pai. ¿Non lle parece iso suficiente?

**8:** Non o é.

**7:** *(Levantando)* Nada. Que non hai nada que facer. É como falar coa parede.

**4:** Dixo que viu o asasinato ao través dos portelos do tren. Había seis vagóns e viuno ao través dos dous últimos. Lembra ata os detalles máis insignificantes. Non comprendo como pode discutir iso.

**9:** Pois discutíndoo, que é o que facemos.

**8:** Algun dos aquí presentes sabe...? *(Ve a 3 e a 2 xogando a tres en raia. Colle o papel e rompeo.)* Isto non e un xogo.

**3:** Sera idiota!

**1:** Calma.

**2:** Non importa.

**3:** Un autentico idiota.

**2:** Non ten importancia. Non faga caso.

**3:** ¿Que esto non e un xogo? ¿Quen se pensa que e?

**1:** Por favor, tranquilícese.

**2:** Non se enfade.

**11:** Non e para tanto.

**8:** ¿Teñen a máis remota idea de canto tarda un tren elevado en pasar por un punto a unha velocidade media?

**4:** ¿Iso que ten que ver?

**8:** ¿Canto tempo?

**4:** Non teño a máis mínima idea.

**8:** *(Sinlando a 5)* ¿Canto diría vostede?

**5:** Non sei... ¿uns dez segundos?

**8:** Bastante aproximado *(Móvese pola habitación)* ¿Alguén máis?

**11:** Si, podería ser.

**10:** ¿Agora xogamos ás adiviñas?

**8:** *(Sinlando a 2)* ¿Vostede que cre?

**2:** Dez segundo paréceme ben

**4:** Moi ben. Dez segundos. ¿Onde quere ir parar?

**8:** Escoiten. A un tren elevado cúmprelle ao menos dez segundos para pasar por un punto dado. Supoñamos que ese punto é a fiestra da habitación onde se cometeu o crime.

Por esas fiestras abonda con estarricar o brazo para tocar o tren. Respondan a isto.  
¿Alguén viviu perto do paso dun tren elevado?

**6:** Hai pouco acabo de traballar nun piso. Perto del pasaba un tren elevado.

**8:** E, ¿que opina? ¿Había ruídos?

**6:** Pois claro. Uns ruídos insoportables.

**11:** Eu vivín nun segundo andar que daba á vía do tren. Cando a fiestra estaba aberta e pasaba o tren, o ruído nin sequera deixaba oír...

**3:** (*Cortádoa*) Xa sabemos o do ruído. (*Dirixíndose a 8.*) Vaia ao gran.

**8:** Teña un pouco de paciencia. Miren, hai dous testemuños. Primeiro, o vello que vive no piso de abaixo. Segundo el, o rapaz dixo: "Vou matarte" e logo oiu o corpo esboroarse no chan un segundo despois, ¿non?

**2:** Iso é.

**8:** Segundo. Temos á muller ao outro lado da rúa, que xura ter mirado pola fiestra e ter visto o asasinato ao través dos dous últimos vagóns do tren. Dixo os dous últimos, ¿non é?

**3:** ¿Onde quere ir parar?

**8:** ¿Aínda non o sabe? O vello declarou que oiu dicir: "Voute matar", e ao segundo, como caía o corpo. Admitimos que un tren precisa de dez segundos para pasar fronte a un punto dado. Se a muller viu o asasinato ao través dos dous derradeiros vagóns, podemos asumir que o corpo esborouse no chan xusto mentres pasaba o tren. Tivo que oír dicir ao mozo esas palabras cando o tren cruzaba con gran estrondo e así é imposible oír nada.

**3:** Naturalmente que o oíu.

**8:** ¿Está segura diso?

(*Efecto de ruído dun tren.*)

**3:** O vello dixo que o mozo estaba berrando e a min abóndame.

**8:** Aínda supoñendo que oíra algo, con ese ruído non puido identificar a voz.

**3:** Estamos falando de dez segundos. ¿Como pode ser vostede tan rotundo?

**8:** As testemuñas que poden levar un rapaz á morte na cadeira eléctrica deben ser rotundas.

**5:** (A 8) Mire, non creo que o oíse... Si, é evidente que non puido oílo.

**6:** Pode que teña razón, porque con tanto ruído...

**3:** ¿Por que ía mentir? ¿Que gaña el con iso?

**9:** Chamar a atención, se cadra.

**3:** (*Xesto despectivo para con 9*) Parvadas.

**6:** (A 3.) ¿Por que lle fala nese tono? ¿Por que non ten mais respecto? (a 9) Siga vostede, por favor. Diga o que lle pareza. ¿Por que pensa que o vello podería mentir?

**9:** Porque durante o xuízo observeino detidamente. Levaba a chaqueta descosida polo ombreiro. ¿Vostede non se fixou? Así non se debe asistir a un xuízo.. (*A 10 dalle un ataque de tos.*) Tratábase dun home maior coa chaqueta luída. Avanzou moi despacio cara ao estrado. Arrastraba a perna esquerda, aínda que o disimulaba. Sentía vergoña.

**6:** Pode ser... É un pobre vello asustado e, sen dúbida, insignificante, que xamais foi nada na súa vida..

**5.-** Ninguén sabe quen é. Ninguén escoita o que di.

**9:** Ten máis de 75 anos... Ninguén busca o seu consello....

**7:** Eh, eh... vostedes. ¿Queren facernos crer que o vello mentiu para facerse o importante?

**9:** Non. Non é que mentise, só que chegou a convencerse a si mesmo de que oiu esas palabras e viu a cara do rapaz...

**10:** É o máis fantástico que oín na miña vida. ¿Como é posible que invente cousas así? ¿Que sabe vostede?

(Pausa)

**2:** (*Érguese e interrompe.*) ¿Alguén quere caramelos para a gorxa?

**11:** Non, grazas.

**4:** Non, grazas.

**8:** Eu, si. Grazas.

**3:** Digan o que queiran. A min non me convencerán de que o acusado é inocente.

**8:** Hai algo máis do que tamén quixera falar. Na miña opinión temos demostrado que o vello non puido oír a voz do rapaz. Sen embargo...

**10:** Aquí non se probou nada. ¿Que está...?

**8:** Supoñamos que oiu que lle dicía: "Voute matar". ¿Cantas veces temos dito nós algo semellante? É posible que ducias de veces e iso non significa que matemos de verdade.

**3:** Non fale dos biosbardos e non tente de liarnos. A frase que dixo o rapaz era: "Voute matar" e berrouna a pleno pulmón. Calquera que diga iso como el o dixo, vai en serio.

**2:** Eu non estou tan segura. Hai un par de semanas estaba discutindo no banco cunha compañeira moi antipática. Chamoume idiota e acabei ameazándoa.

**8:** (*a 3.*) Dígame unha cousa. ¿En serio cre que o rapaz berraría unha cousa así para que o oíran todos? Non o creo. É demasiado listo para iso.

**10:** ¿Listo? Non é máis que un golfo ignorante. Sequera fala corretamente.

**11.-** (*Corrixe.*) Nin sequera fala correctamente. (*PAUSA.*)

**5:** Presidente. Quero cambiar o meu voto a inocente.

**3:** ¿Que, que?

**5:** Xa oiu

**4:** ¿Está segura?

**5:** Si, claro.

**1:** Neste momento son nove os votos de culpable.

**7:** Non, se ao fin... ¿Que as fixo cambiar? ¿Todos eses contos chinos? Se o noso amigo escribise novelas policiacas, forraríase... Ata o avogado sabía que non tiña ningunha posibilidade. Dende o primeiro momento sabía que era un caso perdido. Hai que amolarse con esta lea! Non comprendo como seguimos escoitándoo. O rapaz tiña un avogado, ¿non? A defensa era el, non vostede. ¿A que vén tanto rolo?

**5:** Os avogados non son infalibles.

**9:** Era un avogado de oficio.

**7:** ¿E iso como se come?

**8:** Explicareillo eu. En primeiro lugar, non quería o caso. Aceptouno moi ao seu pesar. É o tipo de caso que non che dá cartos, nin gloria, nin a posibilidade de gañar. Non é a situación ideal para un avogado que empeza. Hai que ter fe no cliente para argallar unha boa defensa. E, como vostede acaba de dicir, el non a tiña.

**7:** Claro que non a tiña. Ninguén a tería. É posible que nin a súa a nai a tivera. Ese é .... (*Mira o reloxo*). Oh, non. Miren que hora é. Que desastre.

**11:** (*Levantando a man*) Se me permiten, quixera lerlles unhas notas (*Ponse en pé*)

**10:** Notas...

- 11:** Eu tamén teño algo que dicir. Estiven escoitando con atención e paréceme que este señor (*Sinalando a 8*) fixo unhas excelentes observacións. Seguín as probas presentadas no xuízo, sen dúbida o rapaz semella culpable, sen embargo, se afondamos un pouco...
- 10:** Que rollo. Cale dunha vez!
- 11:** Hai unha pregunta que me gustaría facer. Supoñamos que o mozo cometera realmente o asasinato. Ben, en calquera caso, a morte ocorreu ás doce e dez e o rapaz volveu a casa a ... as tres da madrugada... Foi detido por dous axentes no relanzo da escaleira. En resumo, a miña pregunta é, ¿se realmente matou ao seu pai, por que razón volveu o rapaz á súa casa tres horas máis tarde? Non tiña medo de que o detivesen.
- 12:** Volveu pola navalla. Non está ben ir deixándoas cravadas no peito da xente.
- 7:** Si. Especialmente de familiares.
- 4:** Xa está ben, non lle vexo a graza... (*Formula unha resposta seria.*) O mozo pensaría que averiguarían que acababa de mercar a navalla, e volveu para recuperala.
- 11:** Se podían relacionar a navalla con el, ¿por que a deixou alí cando cometeu o crime?
- 4:** Sabemos que o mozo saiu correndo da casa con pánico, ao pouco de matar ao pai. Cando acougou, lembrou que esquecera a navalla.
- 11:** Ahá. Haberá que establecer ata que punto sentiu pánico. Porque tivo acougo dabondo como para asegurarse de non deixar marcas dactilares. En fin, ese pánico, ¿onde empeza e onde termina?
- 3:** (*A 11.*) Vostede votou culpable. ¿De que lado está?
- 11:** Iso non ten nada que ver con estar dun lado ou doutro. Son simples preguntas.
- 12:** Se cadra digo unha tontería, sen embargo se eu cometera o asasinato, arriscaríame a volver pola navalla. Se cadra pensou que non o viran saír correndo e que aínda non descubriran o corpo. Eran as tres da madrugada. Pensaría que tiña tempo ata o día seguinte.
- 11:** Perdoe. Eu tamén pensei niso. A muller do outro lado da rúa dixo que nun intre depois de ver o crime, e dicir, un intre depois de que o tren pasase, deu un berro e logo foi telefonar á policía. Mire, eu creo que o rapaz tivo que oír ese berro, así que sabía que o viran. Se fose o asasino, non creo que volvese.
- 4:** Dúas cousas. Unha: Co pánico pode que non oíra o berro, que puido non ser forte. Dous: de oílo, se cadra non o relacionou cos seus actos. Non esqueza que vivía nun barrio onde os berros son cotiáns.
- 3:** Aí, aí o ten.
- 8:** Pode ser. Pode ser que o mozo matase ao seu pai, oíse o berro, saíse correndo cheo de pánico, acougase e tres horas despois volvese pola navalla, a risco de ser detido. Pode que sucedese, pero tamén pode que non. Existen dúbidas suficientes para que nos preguntemos se en realidade estaba alí á hora do crime.
- 10:** ¿Que está dicindo? Seica o vello non o viu saír correndo da casa? Non comprenden que este home está terxiversando os feitos? ¿Viu ou non viu o vello saír correndo ao mozo ás doce e dez? ¿Viuno ou non o viu?
- 11:** El dixo que o vira.
- 5:** Pero as testemuñas poden enganarse.
- 10:** (*Moi alporizado*) ¿Cando se enganan? ¿Cando vostede quere ou cando quere el (*por 8*)?
- 1:** Eh, eh, eh, calma.
- 10:** ¿Non teño razón?
- 1:** Insisto, faga o favor de calmarse.

- 10:** ¿Como quere que me calme? Eu doume conta das cousas e aquí só se fala dos biosbardos. Que se oiou o berro, que se non o oiou...
- 3:** Están perdendo o tempo con pequenos detalles e esquecen o miolo da cuestión. Se seguimos así...
- 8:** Solicito outra votación.
- 3:** Estou falando eu
- 1:** Solicitaron outra votación. Faga o favor de sentaren.
- 3:** Xamais vira perder o tempo deste xeito.
- 2:** Non se tarda nada en votar.
- 1:** Creo que a forma máis rápida é saber os que votan inocente. Os que pensen que é inocente, levanten a man.

(*Levantan a man 5, 8 e 9*)

- 1:** Seguimos igual. Tres inocente, nove culpable.
- 7:** ¿E que non se dan de conta? Seguiremos dándolle á lingua ata a semana que vén.
- 11:** (*Levantando a man*) Perdón, cambio o meu voto a inocente
- 7:** Pero, isto que é?
- 3:** Que é isto? É que a calor está a volvernollos a todos? É culpable. Por que teiman en non admitiren os feitos? Isto xa empeza a cheirar mal.
- 1:** Oito votos culpable. Catro, inocente.
- 3:** (*Berrando*) ¿Isto que é? ¿Unha asociación de axuda aos desamparados? Levante e diga porque cambiou o seu voto. Déanos unha razón.
- 11:** Non teño por que xustificar a miña decisión ante ninguén. Simplemente teño unha dúbida razoable.
- 3:** Unha dúbida razoable? Iso é só unha leria. Espere (*Colle a navalla*) O rapaz que acaba de declarar inocente, foi visto cravando esta navalla no peito do seu pai. ¿Que di disto "señora dúbida razoable"?
- 2:** Pero esa non é a navalla do crime.
- 3:** Oh, xenial! (*Bótaa na mesa*)
- 7:** Isto é cada vez máis absurdo. ¿Que debemos crer? Non fan máis que sacar a relucir cousas estúpidas. E que me di do vello? ¿Tampouco temos que crer que correu ata a porta e viu o rapaz baixando as escaleiras uns segundos despois do crime?
- 5:** (*Erguese*) Por favor, repita o que dixo antes. Dixo que o vello correu cara a porta.
- 7:** Correndo ou andando, ¿que máis dá? O caso é que chegou ata a porta.
- 5:** (*Pensa*) Por favor... un momento.
- 6:** No xuízo, dixo que foi correndo. (*Erguese; tamén 8.*)
- 5:** Exacto. E non comprendo como un vello puido ir correndo ata a porta.
- 4:** Lembro que o vello dixo que fora andando dende o dormitorio ata a porta.
- 8:** ¿Que distancia había?
- 5:** Estaba ao final do corredor.
- 10:** Vaia. ¿O cerebro non lembra iso?
- 8:** Non. Presidente, solicito un plano dese piso.
- 7:** ¿Por que non solicitamos que se repita o xuízo?
- 2:** Por favor...
- 3:** Non perdamos máis o tempo.



- 4:** ¿Cren que revisando esas parvadas averiguaremos se o vello mentiu?
- 8:** Non sei se os demais quererán. Eu si quero averiguar como un vello que arrastra un pé porque o ano pasado sufriu un infarto, puido chegar dende o seu dormitorio ata a porta en quince segundos.
- 3:** Dixo vinte.
- 8:** Dixo quince.
- 3:** O vello dixo vinte. ¿Tamén quere levar a razón niso?
- 5:** Dixo quince.
- 3:** Como ía a saber que foron quince segundos? Ninguén pode sabelo con exactitude.
- 9:** Dixo quince segundos e con convicción.
- 4:** Non pode probar nada. O vello dixo baixo xuramento que viu o mozo saír correndo.
- 8:** Se cadra os detalles corroboren a súa versión. Nada máis esboroarse o corpo dixo ter oído pasos que se dirixían ata a porta. Oíu abrirse a porta e pasos baixando a escaleira. Dixo con absoluta convicción que se dirixiu cara a porta do piso e que só tardou quince segundos. Se o asasino fuxiu deseguida...
- 3:** ¿E se non foi así?
- (Traen o plano. 1 vai por el)*
- 11:** Pero o vello dixo que si.
- 7:** *(Por 8)* Deberia presentarse nun concurso de televisión, sería o mellor! (Rin 7 e 10)
- 6:** Perdoe, ¿non se cansa de facer chistes a todas horas?
- (8, 5, 12, 11 e 1 miran o plano)*
- 10:** *(Non fai caso a 6)* ¿Que pasa con ese plano?
- 11:** É o piso do crime. O do vello está xusto debaixo e é exactamente igual.
- 2:** *(Sinalando)* As vías do tren...
- 5:** *(Sinalando)* O salón, a cociña, o baño, o corredor e a escaleira.
- 8:** *(Sinalando)* O vello estaba no seu dormitorio, dixo que saiu por aquí. Que foi polo corredor ata a porta e que a abriu xusto no intre no que o rapaz baixaba as escaleiras. ¿Vou ben ata agora?
- 2:** Así é.
- 3:** Escoiteino por enésima vez.
- 8:** Quince segundos despois, o corpo esboroa.
- 1:** Exacto.
- 8:** Vexamos. Hai catro metros dende a cama ata a porta. O corredor ten doce metros. Ou sexa, que tivo que camiñar catro metros ata a porta, percorrer doce metros de corredor e abrir a porta do piso en quince segundos. ¿Creno posible?
- 10:** Claro que é posible.
- 11:** Camiñaba con dificultade. Tiveron que axudalo a subir ao estrado.
- 7:** Nin que fose unha excursión.
- 9:** Para un ancián que tivo un infarto, é coma unha excursión.
- (8 quere recrear a habitación e o corredor)*
- 10:** ¿Agora que vai facer?
- 8:** Vou establecer canto se tarda.
- 3:** ¿Vai establecer? ¿Por que non o fixo o avogado se é tan importante?
- 5:** Se cadra non se lle ocorreu.

- 10:** A un avogado non se lle escaparía un detalle coma ese.
- 5:** ¿Ocorréuselle a vostede?
- 10:** Se o avogado non o sacou a relucir e porque pensou que o podía perxudicar.
- 8:** Non o sacou a relucir porque iso deixaría mal a un pobre vello inválido. É algo que non cae ben ao xurado e moitos avogados evítano. (*A 6*) Achégume esa cadeira, por favor. Estas dúas cadeiras son a cama. Acabo de medir catro metros ata aquí que estará a porta.
- 3:** É unha estupidez. Reconstruír iso non serve para nada.
- 8:** O corredor mide doce metros. Camiñarei ata alí e volverei (*Mide os pasos*)
- 10:** ¿Que díaños propón vostede? ¿Non estará tentando de perder máis tempo?
- 5:** Segundo vostede pode percorrerse en quince segundos. Non é tanto.
- 7:** (Asubía coma se fora unha peli de debuxos infantís.)
- 8:** (A 4) ¿Impórtalle facer de porta do piso? Tiña posta a cadea, segundo o vello. ¿Teñen un reloxo con segundeiro?
- 2:** Eu teño un.
- 8:** Cando queira que empece, golpee co pé no chan. Será a caída do corpo.
- 7:** ¿Agora quere que xoguemos ás películas?
- 8:** Xa estou listo.
- 2:** Un momento, para que o punteiro chegue ao 60 (*Pausa . Dá unha patada*)
- 8.-** (*empeza a andar arrastrando un pé*)
- 10:** Corra máis. O vello pode camiñar o dobre de rápido que vostede.
- 8:** Non teño inconveniente en correr máis (*Acelera o paso*) Cadea, ferrollo, pare. ¿Canto tempo?
- 2:** Eh, vexamos. 38 segundos.
- 8:** Xa sei o que ocorreu. O vello oíu a pelexa entre o rapaz e seu pai, horas antes. Logo na cama, oíu caer o corpo. Tamén oíu berrar muller. Foi ata a porta do piso, oíu baixar alguén, e deu por suposto que era o mozo.
- 3:** Deu por suposto. (*Ri*) Amigo, teño oído fantochadas ao longo da miña vida, pero asegúrolle que esta leva a palma. Preséntase aquí derrochando compaixón e pedindo xustiza para os rapaces dos barrios baixos. Larga uns contos de fadas e logra convencer a algunhas... Sen embargo a min non ma dá. (*Berrando*) Que lles pasa? Saben de sobra que é culpable. Tense que fritir na cadeira eléctrica!
- 8:** É vostede o seu verdugo?
- 3:** Un deles.
- 8:** Dáme mágoa. Dende que entrou nesta habitación compórtase como se vostede fose a vingadora do pobo. É vostede unha sádica.
- 3:** (*Lánzase sobre 8; pro a paran.*) Voute matar cabrón! Pensas que non podo?!
- 8:** Non dirá en serio o de matarme?!
- (*PAUSA. 3 sóltase e volve ao seu sitio.*)
- A ORDENANZA:** ¿Ocurre algo señores? Se non manteñen a calma terei que dar aviso...
- 1:** Todo está en orde. Foi unha discusión amistosa. Xa pode gardar o plano.
- (*Todos miran a 3.*)
- 3:** ¿Qué miran?
- 1:** Alguén tería que retomar o debate.
- 11:** Se me permiten...
- 10:** "Se me permiten"; ¿por qué é vostede tan ceremoniosa?

**11:** ¿E por que non? A min educaronme así. Estas pelexas...; miren, nós non vimos aquí para pelexar. Temos unha responsabilidade. Sempre pensei que isto era un exemplo valioso da democracia e.. ¿cómo é a palabra? Notifícasenos, eso é , notifícasenos por correo que acudamos a este lugar a decidir a inocencia ou culpabilidade dun... home, mozo do que non sabiamos nada. Non temos nada que gañar ou perder; non é nada persoal. Grazas.

**6:** Se ninguén ten máis ideas, eu creo ter unha aceptable. Pregúntome se non é o momento de vaíamos pensando noutra votación.

**7:** Claro, moi ben. Aínda que esta vez deberíamos animala con baile e refrescos.

**6:** ¿Presidente?

**1:** Eu non teño inconveniente.

**10:** Na miña opinión deberíamos realizar unha votación aberta. En voz alta. Dando a cara.

**1:** A min paréceme ben. ¿Algunha obxección? (*Pausa*) Ben. Irei enumerándoos. ¿Un? Oh, son eu. Voto culpable. ¿Dous?

**2:** Inocente.

**1:** Número tres.

**3:** Culpable.

**1:** ¿Catro?

**4:** Culpable.

**1:** ¿Cinco?

**5:** Inocente.

**1:** ¿Número seis?

**6:** Inocente.

**1:** ¿Número sete?

**7:** Culpable.

**1:** ¿Número oito?

**8:** Inocente.

**1:** ¿Nove?

**9:** Inocente.

**1:** ¿Dez?

**10:** Culpable

**1:** ¿Once?

**11:** Inocente.

**1:** ¿Doce? (*Pausa*) ¿Número doce?

**12:** Culpable.

**1:** (*Contando os votos*) A votación dá seis a seis.

**7:** Ummm. Seica imos ter que xogar unha prórroga.

**10:** Seis a seis. Algúns dos que están aquí volvéronse tolos. Un farrapento como ese.

**9:** Non creo que teña que ver nada coa condición social do mozo. Só os feitos poder determinar o caso.

(*PAUSA. Algúns pasean, beben... 2ponse ao carón de 7, na fiestra. Despois úneselles 10.*)

(*Música – efecto de tormenta.*)

**2:** Vai chover.

**7:** É vostede un lince, amiga. ¿Por que cambiou o seu voto?

**2:** Porque, de súpeto, teño unha dúbida razoable.

- 7:** Se un quere, pode dubidar de todo.
- 2:** Ben, non só iso. Hai moitos detalles que non coñecía.
- 7:** Pois que lle aproveite.
- 10:** Oh, por favor. ¿É que non se da de conta? Coméronlle a cachola, coma as demais. E vostede unha infeliz.
- 2:** Vostede non ten dereito a falarme así, que lingoreteira!
- 4:** Miren, así non progresamos. Penso que o mellor é falar co xuíz e declarar nulo este xurado. É absurdo alongar máis esto.
- 7:** Eu estou dacordo. Que o acusado probe sorte con outro xurado.
- 8:** O xuíz non aceptará. Non levamos tanto tempo.
- 7:** O acusado non tería ningunha posibilidade con outro xurado e vostede o sabe.
- 5:** ¿Non cre que existe unha dúbida razoable?
- 7:** Non. E tras este empate ninguén vai cambiar de voto. Que decida o Xuíz!
- 11:** Tal vez non entenda ben o significado de "dúbida razoable"...
- 7:** Pero de que vas! Serás petulanta e finolis!!
- 1:** Por favor, por favor. ¿E que non poden pasar dous minutos sen unha pelexa? ¿Alguén ten algo construtivo que dicir?
- 8:** Quixera repasar algo se mo permiten. Unha cousa importante para a acusación foi o feito de que o rapaz dixera estar no cine á hora na que se cometeu o crime e logo na detención non lembrase nin o título nin o protagonista da película. Número 4 sacouno a relucir varias veces.
- 4:** Así é. É a súa única coartada e non pode defendela nin cun simple detalle.
- 8:** Imaxínese no lugar do rapaz. ¿Lembraría algún detalle despois da desagradable experiencia de ter sido golpeado polo seu pai?
- 4:** Creo que si. Aínda que fose algún detalle especial. Pero o rapaz non lembraba o título porque non estivo no cine.
- 8:** Segundo o informe da policía, foi interrogado por dous axentes na cociña do seu piso, mentres o corpo do seu pai aínda xacía no chan. ¿Podería lembrar detalles nesas circunstancias?
- 4:** Si.
- 8:** ¿Baixo unha forte tensión emocional?
- 4:** Tamén nese caso.
- 8:** No xuízo o rapaz lembrou o título e tamén o nome dos actores.
- 4:** Si. A defensa esforzouse moito en recalcalo. Dende a noite do crime ata o xuízo tivo tres meses para lembralo. Calquera pode averiguar que botaban nun cine unha noite concreta. Quedo co testemuño dos policías que o interrogaron despois do crime. Entón non puido lembrar a película. Con o sen tensión emocional.
- 8:** ¿Permíteme unha pregunta persoal?
- 4:** Adiante.
- 8:** ¿Onde estivo anoite?
- 4:** En casa.
- 8:** ¿Tamén nantronte pola noite?
- 10:** ¿Que é isto?
- 4:** Non importa. Saín do traballo ás oito e media. Funme directamente á cama.
- 8:** ¿E a noite anterior?
- 4:** Iso foi... ¿o luns, non? A ver... Ah, si. Fun ao cine co meu home.
- 8:** ¿Que viron?

- 4:** Era unha sesión dobre. "O Círculo Escarlata" e...
- 8:** ¿Como se titulaba a outra película?
- 4:** A ... un momento (*Pausa*) "A extraordinaria ... señora ..." ¿Como era?
- 2:** Eu vira. Titúlase "A asombrosa señora Beibrich".
- 4:** Si. "A asombrosa señora Beibrich".
- 8:** ¿Quen interpretaba esa película?
- 4:** Bárbara... Long, parécemo. Unha morena, moi... Linda... Long. Non sei. Non lembro
- 8:** ¿Quen máis?
- 4:** Os demais non eran coñecidos. Era unha película sen grandes estrelas.
- 9:** E iso que non está baixo unha forte tensión emocional.
- 4:** Non. Non o estou (*Abánase nervosa*)
- 9:** Ese punto queda claro.  
(*Pausa*)
- 2:** Por favor, ¿permiten que vexa a navalla outra vez? (*8 lévalle a navalla.*)
- 1:** Señoras e señores, seguimos empatados. ¿Algunha suxerencia?
- 12:** Como levamos xa un tempo e pode que isto se alongue... ¿Tomamos algo? ¿Pedimos café ou zume e algo de comer?
- 11:** Esperemos un pouco... Poida que rematemos.
- 1:** Por min, de acordo.
- 2:** Hai, hai algo que me gustaría dicir. Estoulle dando voltas e xa que estamos empatados, verán. Refírese á ferida coa navalla e ao xeito con que se fixo. O ángulo é descendente, ¿non?
- 3:** Non pretenderá que voltemos coa navalla. Iso xa se falou ata o cansanzo.
- 2:** É posible, pero isto é novo. (*Consulta a súa libreta de notas.*) O rapaz mide un metro setenta centímetros e o pai un oitenta e cinco. Sacáballe quince centímetros. Non é doado dar unha puñalada cara abaixo a alguén que che saca quince centímetros.
- 3:** Déma (*Ponse de pé e colle a navalla da man de 2*). Fareille unha demostración. Veña. (*Sae con 2 diante.*) Fíxense ben porque non penso volver facelo. Engruñareime para marcar ese quince centímetros. ¿De acordo?
- 2:** Non cambie de postura, ¿eh?
- 3:** Non. Descoide.  
(*Suxeita o puñal, pénsao con cara de poucos amigos e levanta o brazo. Todos se poñen de pé nese intre*)
- Varios:** ¿Que vai facer?
- 1:** Calma. Non pasa nada. ¿Verdade?
- 2:** Non. Non pasa nada. (*3 baixa o brazo lentamente sobre o peito de 2.*)
- 3:** Así apuñalaría eu a un home máis alto ca min. Miren o ángulo. Cara abaixo. Así é como se fixo. A ver quen rebate iso.
- 12:** (*Colle a navalla, agáchase e fai o xesto*) Cara abaixo. Está moi claro.
- 5:** Agarde un momento. Permítame (*Colle a navalla*) Odio estes chismes. ¿Alguen viu algunha pelexa con navalla?
- VARIOS:** Non!
- 5:** ¿E vostede? (*a 12.*)
- 2:** Non.
- 5:** ¿E vostede? (*a 3.*)
- 3:** Non.

**5:** Eu, si. No me barrio era corrente.

**8:** ¿Como se pelexa con navalla?

**5:** Pois... el non tería feito isto (*Colle a navalla como a estaban a coller antes*) Pérdese o tempo ao cambiar. É así, cara a arriba (*Péchaa e ábrea cara arriba e apuñala ao aire*). Os que levan unha navalla coma esta non o fan doutro xeito.

**8:** ¿Segura?

**5:** Estou segura. Por iso as fabrican así.

**8:** ¿Cre que o rapaz é hábil coa navalla?

**5:** Uhmhhh (*Asentindo*)

**8:** ¿Cre que puido causarlle aquela ferida ao pai?

**5:** Non. Ese mozo medrou coa navalla na man. Teríaa utilizado cara arriba.

**3:** ¿Vostede como o sabe? ¿Estaba na habitación cando ocorreu?

**5:** Non. Nin ningún outro de nós estaba.

**3:** ¿Entón a que vén tanta leria? Eu non a creo.

**4:** Non se pode determinar que clase de ferida puido facer o rapaz, só porque soubese manexar a navalla.

**8:** (*A 12*) ¿Vostede que cre?

**12:** Non o sei.

**3:** ¿Que é iso de que non o sabe?

**12:** Non o sei.

**8:** (*Achegándose a 7*) ¿E vostede?

**7:** Non sei os demais. Eu xa estou farta de tanto bla, bla, bla que non leva a ningures. Así que vou desempatar. Cambio o meu voto a inocente.

**3:** ¿Que, que?

**7:** Xa me oiu. Que estou farta.

**3:** ¿Que está farta? Iso non é unha resposta.

**7:** Escoite. Será mellor que se ocupe dos seus asuntos. ¿Está claro?

**11:** Ten razón. Iso non é unha resposta. ¿Que clase de xurado é vostede? Séntase aquí e vota culpable como a maioría de nós porque ten unhas entradas para un partido que lle queiman o peto. E agora cambia o seu voto porque está farta de tanta leria.

**7:** Eh, sen faltar!...

**11:** ¿Quen lle da dereito a vostede para xogar dese xeito coa vida dun ser humano? ¿E que non ten...?

**7:** (*Cortádoa*) Agarde un momento. Vostede non pode falar así.

**11:** Dende logo que podo falar así. Se quere votar inocente, fágao porque está convencida de que ese infeliz rapaz o é e non porque estea farta, e se quere votar culpable entón vote culpable. ¿É que non ten afouteza para facer o que cre xusto?

**7:** Estáse pasando.

**11:** ¿Culpable ou inocente?

**7:** Xa o dixen: Inocente.

**11:** ¿Por que?

**7:** (*Pausa*) Eu non teño por que dicirle...

**11:** (*Cortádoa*) Si ten por que. ¿Diga, por que?

**7:** Porque... eu non creo que sexa culpable.  
(*Despois dunha pausa, 11 volve ao seu sitio*)

**8:** Propoño votar.

**1:** Propoñen outra votación. A forma máis rápida é levantando a man. ¿Algunha obxección? Moi ben. Quen crea que é inocente levante a man (*Van levantando a man 2, 5, 6, 7, 8, 9, 11, 12 e 1*). Un, dous, tres. catro, cinco, seis, sete, oito e... nove. ¿Quen o considera culpable? (*Levantán 3, 4 e 10*). Un, dous, tres. Nove a tres a favor da absolución.

**10:** (*De pé*) Non comprendo a súa actitude. Como poden ter en conta eses detalles. Non significan nada. Viron ese rapaz igual ca min, supoño que non crerían ese conto de que perdeu a navalla e de que aquela noite estivo no cine. Xa saben como minte esa xentalla. E aínda hai máis: nin sequera lles cómpre unha razón de peso para matar a alguén. ¿Non? (*5ponse de costas*) Son borrachos. Todos beben coma cosacos. Eles son así por natureza. Todos son violentos. (*9 de costas*) ¿Onde vai? Unha vida humana non significa nada para esa xente (*11 de costas*)... Están buscando liortas a todas horas e se alguén morre, impórtalles unha figa. Por suposto que algúns tamén teñen cousas boas, son a primeira en recoñecelo. (*8 de costas*). Pero os bos son unha excepción.. A maioría non ten sentimentos. (*2 e 6 de costas*) ¿Que diaños lles pasa? Estou tratando de dicirlles que van cometer un grave erro (*1 de costas*). Escoiten. Non ten remedio. Nin un só paga a pena. (*12 de costas*) ¿Que... que está a ocorrer aquí? Expoño a miñas ideas e vostedes ... oían. Ese rapaz e todos os da súa calaña son un perigo, son salvaxes. ¿Non falo claro?

**4:** Demasiado. Sente e peche a boca.

**10:** Só quería... dicirlles que...

**4:** Non oiú? Sente e peche a boca!

(*10 Senta lentamente, amoucada, coa vista perdida*)

**8:** Non é doado desprenderse dos prexuízos persoais nestes casos. Nove pensamos que o acusado é inocente. Iso é algo moi valioso: podemos trabucarnos pero ningún xurado pode declarar culpable a ninguén sen estar seguro. Xa somos nove os que non comprendemos como pode o resto estar tan seguro. (*A 4.*) Quizais poida dicírnolo.

**4:** Intentareino. Vostede ten sido moi elocuente. Sen embargo eu sigo na miña. Unha, o testemuño da muller da casa de enfronte, que viu realmente cometer o crime.

**3:** Na miña opinión é o testemuño máis importante.

**4:** E dous, o feito de que ela describira o crime dicindo que viu o rapaz co brazo levantado e apuñalando cara abaixo o peito do pai. Viu facelo dese xeito e non doutro.

**3:** Iso non admite discusión, certo.

**4:** Sigamos a falar desa muller. Dixo que se deitara a iso das once. A súa cama está xunto á fiestra e aínda deitada pode ver a habitación do rapaz, ao outro lado da rúa. Estivo dando voltas perto dunha hora sen poder durmir. Miraba cara a fiestra. Sobre as doce ou pouco máis e nun momento dado, viu o asasinato ao través dos portelos dun tren. Engadiu que as luces se apagaron despois do crime, pero viu perfectamente como o rapaz cravaba a navalla no peito do pai. Miren, no que a min respecta, ese testemuño é inamobile.

**3:** E non fai falta máis.

**4:** (*A 8*) ¿Que di vostede? (*Pausa. A 12*) ¿E vostede?

**12:** (*Pausa*) Non sei que dicir. Hai tantos cabos soltos... é un caso moi complicado.

**4:** Non entendo como puido vostede votar pola absolución.

**12:** Non é doado ordenar tantos detalles.

**3:** (*Berrando*) Déixese de detalles. A muller viuno. ¿Que máis quere?

**12:** É posible.

**3:** Votemos de novo.

**1:** Moi ben. Solicitan outra votación. ¿Algunha obxección?

- 12:** De acordo. Cambio o meu voto. Culpable.
- 3:** ¿Alguén máis cambia? Estamos oito a catro.
- 11:** ¿Por que o considera como un triunfo persoal? É só un voto.
- 3:** Vexo que está sendo imposible poñernos de acordo. Estou pensando se non deberíamos considerar este xurado nulo.
- 6:** Se cadra deberíamos fixar un límite de tempo. E se non somos quen de chegar a un acordo...
- 4:** Son (*Mira o reloxo. Pero quita as gafas.*) as ..... (*frega o nariz onde apoian as gafas.*) Cando den as ....., nese momento, podemos decidir se somos un xurado nulo ou non. (Fai xesto de fatiga. Reitera o xesto de fregar o nariz.)
- 9:** ¿Atópase ben?
- 4:** Estou perfectamente, grazas.
- 9:** Pregunteille se se atopaba ben porque fregaba o nariz. É un xesto que me lembraba algo.
- 4:** Tento de organizar as cousas. ¿Permíteme e deixa de interromperme?
- 9:** Perdoe. Creo que é importante. Estou seguro de que saberá disculparme pero, gustaríame saber por que fregaba o nariz
- 3:** Ah, vamos. Por favor.
- 4:** Xa que ten tanto interese, facíao porque me molesta.
- 9:** ¿A causa das gafas?
- 4:** En efecto. ¿Importaríalle que falasemos doutra cousa?
- 9:** A muller que declarou ter visto o asasinato, tiñas as mesmas marcas que vostede ao lado do nariz (*Rumores*) Concédanme un minuto. Axiña remato. Non sei se observaron ese detalle nela. Entón non lle dei importancia, sen embargo o observala a vostede fíxome pensar.
- 5:** É certo. Fregábase todo o tempo.
- 6:** Esa muller debía ter uns 45 anos e notábase que quería aparentar 35 para o público da sala.
- 11:** Ía moi maquillada, con pelo tinguido.
- 1:** Sen gafas. Propio das mulleres
- 7:** ¿Por que ten que usar gafas? ¿Por que está tan segura? ¿Porque fregaba o nariz?
- 5:** Tiña esas marcas. Eu vinas.
- 2:** I eu. Tamén todos, supoño.
- 3:** Que importa que tivese unhas marcas.
- 1:** Agarde, agarde un intre. Ten razón. Eu tamén as vin. Eu estaba moi perto dela e tiña unhas marcas aquí, no nariz.
- 3:** ¿Que pretenden demostrar con iso? Que se o pelo tinguido, que se as marcas no nariz... Iso non demostra nada.
- 9:** ¿Puido outra cousa facer esas marcas ademais das gafas?
- 4:** Supoño que non.
- 11:** Parece razoable.
- 3:** Eu non vin esas marcas. ¿Que importa todo isto? Que tolería!
- 4:** Eu si. Só que non lle dei importancia.
- 3:** ¿E o avogado que? ¿Por que non abriu a boca?
- 8:** Aquí somos doce dándolle voltas ao caso e a once non se nos ocorreu.



**3:** De acordo, de acordo. Tiña marcas no nariz. Admítoo. Usaba gafas e non quixo poñelas por coquetería. ¡Vale!... Pero cando viu o rapaz matar a seu pai, estaba na súa casa, e ademais soa.

**8:** (*A 4*) ¿Leva as gafas na cama?

**4:** Non. Nunca. E non creo que ninguén as leve.

**8:** Logo ela non as levaba cando daba voltas na cama tentando durmir.

**3:** ¿Como o sabe?

**8:** Non o sei. Supóño. E tamén supoño que ela tampouco debeu poñelas para mirar casualmente pola fiestra.

**11:** (*A 3.*) Lembre que declarou que viu o crime xusto cando se volvía. Despois apagáronse as luces...

**5:** Non tivo tempo de poñelas!

**3:** Esperen un mom...

**8:** E tamén supoño que imaxinou ter visto o rapaz matar a seu pai, cando só foi unha imaxe borrosa.

**3:** ¿Como sabe o que viu esa muller? ¿E que o sabe todo? ¿Como sabe que gafas usa? Poden ser as marcas de gafas de sol. Se cadra ve perfectamente ao lonxe. ¿Por que non supón iso?

**8:** Só estou tratando de expoñer outra dúbida razoable.

**12:** Non creo que resulte nada doado identificar unha persoa a vinte metros, de noite e sen gafas.

**2:** Non se pode enviar a ninguén á morte por ese testemuño.

**3:** Oh, non digan parvadas.

**8:** ¿Non cre que se puido enganar?

**3:** Non.

**8:** ¿Non o cre posible?

**3:** Non. Non é posible.

**8:** (*Vai cara a 12*) ¿É posible?

**12:** (*Asinte coa cabeza*) Inocente.

**8:** (*Vai cara a 10*) ¿Creo culpable?

**10:** (*Nega coa cabeza*)

**3:** Para min é culpable.

**8:** (*Vai cara a 4*) ¿E vostede?

**4:** Non. Convenceume. Inocente.

**3:** ¿Como pode dicir iso agora?

**4:** Agora teño unha dúbida razoable.

**9:** Once a un.

**3:** ¿Que me din das outras probas? De... de... de todo o demais. A navalla. O maldito cine. O veciño que viu ao acusado fuxir polas escaleiras...

**2:** Xa falamos de todo iso. ¿Non?

**7:** Ben... ¿e agora que?

**8:** Está vostede soa.

**3:** Tenme sen coidado estar soa. Estou no meu dereito.

**5:** Está... no seu dereito.

**3:** (*Pausa longa*) ¿Que miran? Para min é culpable.

**12:** Así non nos convence.

**5:** Debe razoar. Ten todo o tempo que precise...

**3:** Todo, todo. Ata a máis mínima cousa que se dixo na sala, absolutamente todo demostra que é culpable. Fíxense no que queiran: no pobre vello do piso de abaixo que o oíu todo, ou fíxense no da navalla. O vello viuno, viu como fuxía pola escaleira, que nos importa o tempo que empregou para chegar á porta. ¿E a historia do tren? ¿E a do cine? Todo, absolutamente todo... E respecto á historia das gafas, ¿como poden estar tan seguros? Ela testemuñou ante o tribunal, testemuñou baixo xuramento. E o berro do rapaz... "Voute matar", dixo, "voute matar".. e fíxoo, xa o creo que o fixo... Estou segura. *(Pausa.)* Eses canallas arruínannos a vida... Dous anos sen vir verme, el... Pero, ¿que máis queren? Digan algo. Son vostedes uns babecos. Nunca conseguirán o meu voto. Teño dereito a ter a miña propia opinión! *(Pausa longa)*  
Inocente! *(Séntase e... asinte con rabecha e dor.)*

*(Todos empezan a recoller a súas cousas: as carpetas, os papeis, as súas chaquetas; 1 fala coa Ordenanza que sae para abrir. Van saíndo pouco a pouco. 3 permanece sentada coa cabeza agochada entre os brazos. 8 queda ata o final, tócalle no ombreiro, achégalle a súa chaqueta e o seu bolso. 3 sae; 8 bota unha ollada á sala antes de saír)*

**ESCURO, FINAL.**

Na obra obsérvanse diferentes tipos de comportamentos e de roles que van desempeñando cada un dos membros do xurado; vemos así características da súa personalidade e experiencias da súa vida que inflúen á hora de xulgar a culpabilidade do acusado.

Na obra, a cada membro do xurado asígnaselle un número segundo a súa posición desempeñando o seguinte rol:

· Xurado 1

Un home común, impresionado pero tamén presionado por a responsabilidade que o estado colocou sobre os seus ombreiros ao nomealo presidente do xurado; trata de ser moi formal e respectuoso, e aínda que non é moi brillante na resolución dos problemas que xorden nunha discusión dáse a respectar.

· Xurado 2

Muller tímida e sen personalidade definida, dubida constantemente e isto fai difícil que manteña unha opinión propia; persuádeselle facilmente, polo que a súa opinión será case sempre a mesma que a da última persoa que falou.

· Xurado 3

É unha muller dun carácter moi forte, pode ser brusca e terca ata caer na agresividade; é malhumorada e non lle gusta escoitar outra opinión distinta á dela, está afeita a impor a súa forma de pensar sen importar as consecuencias.

· Xurado 4

Muller de boa posición económica, desenvólvese e fala con elegancia; é moi analítica ata o punto de parecer moi “cuadrículada”; a súa sorte nos negocios lévaa a sentirse, en ocasións, superior aos demais.

· Xurado 5

Unha muller gris, tímida e calada, de extracción social baixa, afeita a cumprir coas normas da sociedade na que vive e traballa sen máis; cústalle relacionarse coa xente e a súa falta de personalidade provoca que lle falten ao respecto.

· Xurado 6

Muller forte, honesta, práctica e traballadora; adoita cumprir co seu traballo sen meterse en problemas, polo que sempre se aten aos feitos; non soporta á xente irrespectuosa e groseira.

· Xurado 7

Charlatana, presumida e fachendosa, pero sen dúbida agradable no seu traballo como vendedora; ten cousas mais importantes que facer que sentar a deliberar nunha sala de xurados; é de temperamento explosivo e sempre está segura do que di aínda que en realidade non saiba do que está falando.

· Xurado 8

Calado e reflexivo, sempre trata de ver o outro lado da situación; é un home de principios polo que valora moito a vida; cre firmemente na xustiza e tratará de loitar sempre para conseguir que se cumpra.

· Xurado 9

Unha relixiosa, vive o compromiso da súa fe; o seu credo relixioso esíxelle que loite polos ideais da súa fe, que considera ideais da humanidade. Síntese violenta como xurado dunha causa que pode levar ao acusado á pena capital, pero cumpre co seu deber cívico.

· Xurado 10

Unha muller amargada e molesta coa vida; é intolerante, só valora a súa vida e non respecta credo, sexo ou idade; é unha muller frustrada que sabe que nunca será importante, polo que se desquita cos máis débiles.

· Xurado 11

Unha estranxeira, é humilde e está agradecida co país que lle abriu as portas, non tolera a inxustiza e os malos tratos xa que ela padeceu isto, polo que sempre está disposta a dialogar con tal de alcanzar un acordo xusto.

· Xurado 12

Unha publicista, enxeñosa e agradable; ve ás persoas como números, estatísticas e porcentaxes polo que non é fácil que entenda o lado humano das cousas; é unha verdadeira representante do mundo das axencias de publicidade e o consumo en masa, aínda que no fondo é unha boa persoa.

“12 HOMES SEN PIEDADE”, é unha famosa película (1957) dirixida por Sidney Lumet; sempre foi unha das favoritas do seu actor principal, Henry Fonda. Fonda encabeza un reparto que funciona do mesmo xeito que o guión, como un mecanismo de relojería. Ao final, un ten a sensación de asistir a algo máis que unha gran película. Unha desas experiencias das que sacar algo en limpo, unha lección de vida. Unha obra mestra.

“12 homes sen piedade”, narra a historia dos compoñentes dun xurado, doce homes, que se retiran a reflexionar sobre o que parece un sinxelo e claro caso de asasinato (un mozo matou ao seu pai). Cando parece que non van tardar demasiado en decidir un veredicto, un deles non o ten tan claro: ten o que se chama unha dúbida razoable, aquela que impide ditaminar que o acusado é culpable. Exporá os seus argumentos e pedirá unha nova votación para ver se alguén máis o pensou. Aos poucos as dúbidas comezan a xurdir.

Practicamente toda a acción transcorre na sala de deliberación. Reginal Rose vai creando na obra orixinal unha sensación de claustrofobia acorde coa psicoloxía dos personaxes. O espectador vese inmerso nunha historia sobre a que case non ten datos, pero que se van descubrindo e desvelando na medida en que a obra avanza. Un a un, os personaxes van descubrindo as súas cartas, e pronto dámonos conta daqueles aos que verdadeiramente lles preocupa o caso e tómanse con seriedade a responsabilidade que recaeu sobre eles, e aos que todo impórtalles un comino. Un claro reflexo da vida real.

Os doce compoñentes do mencionado xurado representan ao ser humano en xeral. Acertado é o detalle de que non sabemos os seus nomes; ou ben se dirixen entre eles polo seu número de membro do xurado, ou ben pola súa profesión. Hai desde un arquitecto ata un publicista, pasando por un adestrador de fútbol, un contable, un vendedor, etc. Xente normal coa que é moi fácil identificarse; salvo quizá a do arquitecto, papel que lle vén como anel ao dedo a Henry Fonda na película de Lumet, pois parece posuír a verdade absoluta, algo que se existe é moi difícil de alcanzar. Unha persoa recta, reflexiva, compasiva, intelixente, e que a súa inquietude faille pensar máis que os demais, algo que fará que os acontecementos vindeiros tomen un curso ben distinto. Un curso no que prexuízos de todo tipo saen antes de que chegue o inevitable final, e todo porque a maioría dos personaxes, son incapaces en principio de deixar ao carón as experiencias persoais (un deles é racista coa xente de igual condición social que o acusado só porque tivo un par de encontronazos con eles). Todos eses puntos de vista son desmontados cada vez que un vaise unindo á causa que o arquitecto (é casualidade a profesión do personaxe?) encabeza. E o espectador conmóvese ante cada nova pista descuberta, ante cada novo prexuízo. Ao final queda a verdade, fíxose xustiza e a sensación de facer o correcto, aínda que para chegar a iso cada un tomou camiños distintos.

Pero sen dúbida, o mellor recordo que moitos temos da obra foi a versión teatral que fixo TVE en Estudio 1. Aquí dirixiuna Gustavo Pérez Puig en 1973. O reparto foi de luxo, empezando por Fernando Delgado, continúa o dream team con José Bódalo, José María Roderó, Ismael Merlo, Jesús Púente, Rafael Alonso, Carlos Lemos, Antonio Casal, Luís Prendes, Manuel Alexandre (ata aquí todos falecidos), Sancho Gracia e Pedro Osinaga.

***12 Angry Men*, titulada en castelán como “*Doce hombres sin piedad*” (España) ou “*Doce hombres en pugna*” (Latinoamérica), é unha obra teatral escrita por Reginal Rose.**

## Orixe do xurado

**Xuíz.**- ¿A que cando pensas nun xurado, tes a típica imaxe dalgunha película ou dunha serie de televisión americana?

**Ordenanza.**- Si, pero a xente que asiste por primeira vez a un xuízo, sae desilusionada porque o veredicto dos membros dun xurado só se escoita en 1 de cada 22.000 xuízos penais.

**Xuíz.**- O fin último dun xurado é que os cidadáns participen na administración de xustiza. Todo empezou, coma sempre, en Atenas nos tempos da Grecia clásica, cando, en función do delito, podían formarse xurados de ata 1.500 membros. Eran elixidos ao azar, entre os maiores de 30 anos que non tivesen débedas co Estado.

**Ordenanza.**- ¿E é certo que os xuízos celebrábanse diante dun reloxo de auga e só podían durar a medida de tempo daquel dispositivo?

**Xuíz.**- Así é. Se se esgotaba a auga e non terminara o xuízo, fallábase a favor do acusado. Pero o sistema dos xurados atenienses recibiu moitas críticas porque eran facilmente manipulables. Roma copiou aquel sistema, pero foi na Idade Media cando Carlomagno utilizou a persoas baixo xuramento para certificar algúns actos públicos.

**Ordenanza.**- Por iso é polo que lles chamamos “xurados”. ¿Era como agora?

**Xuíz.**- Que va. A idea do Xurado foi evolucionando. Coa Carta de Dereitos de 1688, Inglaterra creou o xurado de acusación ou Gran Xurado. Estaba formado por 24 membros que valoraban se se abría ou non un proceso penal; e, en caso afirmativo, se continuaba a causa nun segundo xurado, con 12 membros. Hoxe en día, este modelo dobre só actúa en Estados Unidos.

**Ordenanza.**- Por iso resulta tan popular grazas ao cine e a literatura: en cantas películas oíríamos dicir a frase de “lévano ante o Gran Xurado”.

**Xuíz.**- No continente europeo os xuíces eran unha especie de caste formada por nobres que se deixaban o cargo en herdanza de pais a fillos. Por iso os revolucionarios franceses implantaron os xurados.

**Ordenanza.**- ¿Funciona igual que nos EEUU?

**Xuíz.**- Non, os franceses preferiron un xurado único, elixido por sorteo e que o veredicto se adoptase por maioría e non por unanimidade. Este modelo estendeuse por toda a Europa continental.

## EFICACIA DA XUSTIZA

**ORDENANZA.**- É triste pero en ningún lugar eliminouse a criminalidade nin tampouco se alcanzou un acordo sobre cal é o mellor xeito para eliminala.

**XUÍZ.**- Nos países totalitarios teoricamente, non existe a delincuencia. Nestas sociedades, o delito contéplase como un ataque directo contra o poder establecido e debe ser eliminado. Non se teñen en conta os dereitos ou liberdades fundamentais da persoa; e como non se lles pode reintegrar na sociedade, adoitan soluciónalo...

**ORDENANZA.**- Coa pena de morte. (*Xuíz asinte.*)

**XUÍZ.**- Nos países democráticos a formulación é o extremo contrario. A sociedade asume que o feito criminal vai estar sempre presente e ese é o prezo que se paga por manter uns dereitos e liberdades fundamentais.

**ORDENANZA.**- É dicir, que sempre haberá alguén que se aproveite.

**XUÍZ.**- Si, pero movémonos entre dous extremos: ou intentamos reintegrar na sociedade ao autor dun delito; ou actuamos con firmeza contra o crime para lograr “disuadir” a posibles delincuentes.

**ORDENANZA.**- Esa opción do castigo exemplarizante adoita dar bos resultados aos políticos nas urnas. Como adoita dicirse, en épocas de crise, endurecendo as penas gañas votos.